

EIXE 2 | A Recuperación como meta

PROGRAMA CONECTA COA VIDA

Entidade executante

FEAFES. Federación de asociacións de familiares e persoas con enfermidade mental de Galicia
(<https://feafesgalicia.org/>)

Ámbito territorial

Toda Galicia

Persoas destinatarias

Colectivos vulnerables e persoas cun maior risco de desenvolver un problema de saúde mental ou con ideación ou conduta suicida de calquera idade. Especialmente poboación infanto-xuvenil, mulleres en situación de violencia, persoas cunha discapacidade, persoas cun diagnóstico de saúde mental, e persoas en risco de exclusión.

Obxectivos

Xeral:

Realizar accións de sensibilización, prevención, detección precoz, coordinación e intervención dende unha perspectiva integral para previr e atender a conduta suicida, así como realizar accións de postvención en superviventes.

Metodoloxía

Enfoque comunitario centrado na atención integral e traballo multidisciplinar. Intervindo en tres niveis de prevención (universal, selectiva, indicativa) en función da poboación a que vai dirixida e ó risco respecto a súa condición clínica.

Intervención en 4 fases:

- Fase 1: Promoción da saúde mental e prevención do suicidio: en centros educativos e centros sociocomunitarios
- Fase 2: Detección do risco da conduta suicida
- Fase 3: Manexo da conduta suicida
- Fase 4: Postvención